



Memorias **CURSOS**

2024 - 2025



Cofinanciado por
la Unión Europea

"ENFOQUE INTERXERACIONAL, BENESTAR E ENFOQUE HOLÍSTICO NA APRENDIZAXE"

Participante: Profesor de inglés na Sección Cedeira da EOI Ferrol

Institución de envío: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: Università delle LiberEtà, Udine, Italia

Datas da mobilidade: do 17 ao 21 de marzo de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Curso estruturado

Introdución

O curso estruturado Erasmus+ para docentes "ENFOQUE INTERXERACIONAL, BENESTAR E ENFOQUE HOLÍSTICO NA APRENDIZAXE" ofreceu unha oportunidade valiosa e única para explorar metodoloxías e prácticas educativas innovadoras nos eidos do benestar, da educación dixital e dos enfoques holísticos na educación de persoas adultas.

Perfil do participante

Profesor de inglés entusiasta e comprometido, con base nunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, situada na pequena vila costeira de Cedeira. Nun centro que actualmente se enfrenta a desafíos relacionados coa implicación e permanencia do alumnado, este docente desempeña un papel fundamental non só na ensinanza do idioma, senón tamén como membro activo do equipo Erasmus+. Impulsado por unha firme crenza no poder transformador da colaboración internacional e do desenvolvemento profesional continuo, o docente procura trasladar a súa experiencia Erasmus+ a cambios significativos na sección. Centra os seus esforzos especialmente en iniciativas que fomenten o sentido de comunidade, a conciencia intercultural e a autonomía do alumnado.



CONTIDO DO CURSO



Actividade 1

Introdución ao curso e visión xeral da aprendizaxe ao longo da vida en Italia e na ULE: unha panorámica da aprendizaxe permanente e da educación de persoas adultas en Italia e unha introdución ao entorno e ás metodoloxías docentes, sempre aliñadas co principio de crear un ambiente de aprendizaxe inclusivo e sen barreiras, que responda ás diversas necesidades de aprendizaxe.

Actividade 2

Obradoiro “Dixital sen idade: ensinar (e aprender) entre xeracións”: unha sesión interactiva para reflexionar sobre o que significa ensinar habilidades dixitais a diferentes xeracións, co obxectivo de descubrir que nunca hai unha única dirección na aprendizaxe.

Actividade 3

Obradoiro “Aprendizaxe vibracional”: introdución a técnicas empregadas na formación actoral que poden aplicarse á docencia, como as técnicas de respiración e relaxación, o control da voz e da imaxe, e o fortalecemento da autoestima e do benestar a través da risa.

Actividades opcionales

Ofrecéusenos a posibilidade de asistir a cursos de idiomas. Escollemos clases de portugués e francés entre a ampla oferta dispoñible, onde podemos observar o compromiso e a motivación do alumnado grazas á flexibilidade proporcionada polo enfoque holístico, que fai que a educación sexa accesible e significativa para cada persoa.

Actividade 4

Visita ao instituto “Alessandro Manzoni” e ao Liceo Científico Estatal “Giovanni Marinelli”.

Actividade 5

“O enfoque holístico na aprendizaxe”: introdución aos principios da aprendizaxe integrada nas súas diferentes dimensións e ás directrices do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), co fin de comprender a importancia da singularidade e da diversidade do individuo, e desenvolver ferramentas e estratexias para fomentar un proceso de estudo inclusivo, flexible e consciente, tanto para o alumnado como para o profesorado.

RESULTADOS E IMPACTO

Na nosa institución

A aprendizaxe adquirida durante esta formación será fundamental para introducir melloras tanto nas nosas estratexias docentes como na maneira en que entendemos e promovemos a ensinanza de idiomas para persoas adultas nun entorno como o de Cedeira, caracterizado pola súa diversidade xeracional, o seu ritmo de vida tranquilo e a súa forte identidade comunitaria.



- Aprendizaxe interxeracional e recíproca: nun contexto como o de Cedeira, onde conviven xeracións con traxectorias vitais distintas pero cun forte sentido de comunidade, queremos fomentar dinámicas de colaboración entre estudantes de diferentes idades. Implementaremos técnicas de coensinanza e aprendizaxe entre pares, especialmente no uso de ferramentas dixitais, onde o alumnado máis novo pode desempeñar un papel activo como mentores, favorecendo así un intercambio enriquecedor.
- Empoderamento dixital a calquera idade: nunha localidade onde parte do alumnado adulto procede de contornos rurais ou con menor familiaridade coa tecnoloxía, resulta especialmente relevante promover a autonomía dixital. Aproveitaremos o aprendido para introducir ferramentas tecnolóxicas de xeito gradual, con acompañamento personalizado, permitindo que cada estudante avance ao seu ritmo, gañe confianza e mellore a súa competencia dixital.
- Benestar emocional do alumnado: inspirados polas boas prácticas observadas durante o programa, queremos reforzar na nosa sede de Cedeira un entorno de aprendizaxe onde prime o benestar emocional. Estamos a valorar incorporar exercicios de respiración e pequenas dinámicas de relaxación ao comezo ou ao remate das clases, actividades de mindfulness adaptadas á aula de idiomas, así como crear espazos de escoita activa e acompañamento, tendo sempre presente que aprender unha lingua non é só un reto académico, senón tamén unha vivencia persoal.
- Enfoque holístico: nunha comunidade pequena como a de Cedeira, o vínculo humano entre o profesorado e o alumnado é especialmente estreito. Por iso, apostar por un enfoque holístico que teña en conta non só o cognitivo, senón tamén o emocional e o social, alíñase perfectamente coa nosa realidade. Propoñémonos crear un entorno acolledor, motivador e adaptado ás necesidades individuais do alumnado, respectando os seus ritmos e experiencias vitais.

CONCLUSIONES

A participación no curso Erasmus+ en Udine, Italia, supuxo un cambio significativo na maneira na que dende a Sección de Cedeira abordamos a formación de persoas adultas. Tomando como referencia as prácticas observadas durante a estancia, aspiramos a renovar as nosas propostas pedagóxicas para responder mellor ás características do noso entorno: unha localidade costeira con poboación diversa, onde o contacto humano, a proximidade e o compromiso comunitario desempeñan un papel central.

Queremos favorecer espazos de aprendizaxe máis vivos, participativos e adaptados ao día a día do alumnado, nos que se combine o desenvolvemento lingüístico co benestar persoal. Esta experiencia puxo de relevo a necesidade de aplicar unha mirada máis ampla, que contemple tanto as habilidades como as emocións, e que potencie a capacidade de adaptación do profesorado a contextos cambiantes.

Esta visión guiará a nosa evolución como centro, co propósito de ofrecer un ensino de calidade, arraigado na realidade local e aberto a novos desafíos educativos.

A actividade foi certificada pola Università delle Libere e tamén por Europass.

A implementación sostida dos enfoques e principios pedagóxicos aprendidos durante esta experiencia Erasmus+ terá un impacto importante na Sección de Cedeira da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, tanto na práctica docente como no papel social da nosa escola dentro da comunidade local.



Cofinanciado por
la Unión Europea

A DIVERSIDADE E INCLUSÃO NAS ESCOLAS: ESTRATÉGIAS E INDICADORES DE QUALIDADE DE POLÍTICAS E PRÁTICAS DE INCLUSÃO

Participante: Profesora de inglés
EOI Ferrol

Institución de envío: Escola
Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: Facultade
de *Psicología e de Ciências da
Educação*, Universidade de Porto,
Portugal

Datas da mobilidade: do 7 ao 11
de abril de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-
ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Curso
estruturado

Perfil da participante

Profesora de inglés cunha sólida traxectoria e ampla experiencia docente en aulas que integran alumnado diverso e heteroxéneo. O seu compromiso cunha educación inclusiva e de calidade levouna a participar nunha mobilidade do programa Erasmus+ na Universidade do Porto, centrada en estratexias e boas prácticas para a inclusión na aula.

Membro activo do equipo Erasmus+ do centro, esta docente está implicada activamente en iniciativas europeas que buscan enriquecer o entorno educativo e fomentar a equidade e a diversidade. A súa participación no proxecto de formación permanente do profesorado (PFPP) permítille actuar como ponte entre a innovación pedagóxica e o claustro, facilitando a transmisión dos coñecementos e recursos adquiridos a través das súas experiencias formativas.

Introdución

Como parte da iniciativa Erasmus+, participei nun curso estruturado de formación na Universidade do Porto, centrado na diversidade e na inclusión en contextos educativos. Esta experiencia tivo como obxectivo profundizar no coñecemento sobre a educación inclusiva e dotar ás persoas participantes de estratexias para fomentar contornos inclusivos, especialmente relevantes nas escolas de idiomas, onde a diversidade do alumnado é especialmente notable.



CONTIDO DO CURSO



O curso abordou tanto fundamentos teóricos como aplicacións prácticas. As sesións incluíron a análise de culturas escolares, liderado inclusivo, metodoloxías participativas e o uso da metodoloxía SMART para o desenvolvemento de indicadores. Os exercicios de reflexión promoveron unha análise crítica de proxectos educativos reais e de políticas levadas a cabo en España/Galicia e Portugal.

Destacouse especialmente a importancia de adaptar as políticas de inclusión aos contextos locais, subliñando que un enfoque único non é efectivo. Prestouse especial atención á inclusión de colectivos clave como persoas con discapacidade, migrantes e outras minorías, salientando a necesidade de considerar as súas necesidades e experiencias específicas na planificación educativa.

Tamén se sinalaron como estratexias esenciais para fomentar a participación e a inclusión a aprendizaxe entre iguais, a mentoría e a voz do alumnado.

Obxectivos

- Analizar criticamente a diversidade e a inclusión a través de enfoques teóricos interseccionais, decoloniais e situados.
- Analizar políticas educativas a nivel europeo, nacional e rexional arredor da inclusión e da diversidade, tendo en conta os retos sociais estruturais e emerxentes.
- Identificar estratexias emancipadoras que favorezan o éxito educativo mediante o liderado inclusivo e os proxectos escolares.
- Desenvolver competencias analíticas e prácticas para deseñar iniciativas educativas inclusivas.
- Aprender a identificar indicadores que permitan avaliar as prácticas inclusivas nos centros escolares.

RESULTADOS E IMPACTO

Na nosa institución

Esta formación puxo de manifesto a necesidade urxente de que as escolas de idiomas conten cun apoio específico dentro dos marcos da educación inclusiva. As conclusións apuntan a que o alumnado nestes contextos se beneficiaría enormemente de:

- Lexislación e políticas adaptadas ás súas necesidades
- Formación docente centrada na diversidade
- Maior flexibilidade na avaliación e no deseño curricular
- Acceso a recursos adicionais, como persoal de apoio e ferramentas tecnolóxicas



Beneficios a longo prazo

Os coñecementos adquiridos están a integrarse no proceso de reflexión e mellora continua das prácticas inclusivas no noso centro. Entre as accións futuras inclúese a defensa de políticas específicas para a educación de persoas adultas nas escolas de idiomas, o deseño de proxectos colaborativos que reflectan a diversidade do alumnado e a promoción de espazos de diálogo local sobre avaliación inclusiva.



CONCLUSIÓN

O curso Erasmus+ foi unha experiencia profesional moi útil. Axudome a comprender mellor como traballar coa diversidade nos centros educativos e proporcionoume ideas prácticas que poden aplicarse na escola. Tamén fixo que sexa máis consciente da importancia de contar co apoio e cos recursos axeitados nas escolas de idiomas para atender ás necesidades de todo o alumnado. Espero poder compartir o aprendido coas miñas compañeiras e compañeiros e utilizalo para mellorar a nosa práctica diaria. A actividade foi certificada pola Facultade de Psicoloxía e de Ciencias da Educación da Universidade do Porto, Portugal.

Competencias adquiridas

- Habilidades analíticas para avaliar a diversidade e a inclusión a través de políticas e prácticas.
- Capacidades prácticas para deseñar iniciativas inclusivas adaptadas aos contextos locais.
- Conciencia sobre a importancia de incluír persoas con discapacidade, migrantes e outras minorías na planificación escolar.
- Habilidades de comunicación e colaboración mediante a aprendizaxe entre iguais e o traballo en grupo.



Cofinanciado por
la Unión Europea

"ENFOQUE INTERXERACIONAL, BENESTAR E ENFOQUE HOLÍSTICO NA APRENDIZAXE"

Participante: Profesora de inglés na Sección As Pontes da EOI Ferrol e profesora de inglés da EOI de Ferrol

Institución de envío: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

Institución de acollida: Cork English College (CEC), Cork - Irlanda

Datas da mobilidade: do 7 ao 11 de xullo de 2025

Programa: Erasmus+ KA1 (2024-1-ES01-KA121-ADU-000212907)

Tipo de actividade: Curso estruturado

Perfil do participante

Dúas profesoras de inglés como lingua estranxeira (EFL), entusiastas e comprometidas, que traballan respectivamente nas Escolas Oficiais de Idiomas de Ferrol e As Pontes, e que son membros activos do equipo Erasmus+ dos seus centros.

A experiencia enriqueceron o seu enfoque pedagóxico e inspirou un renovado compromiso coa implementación de prácticas dinámicas, inclusivas e centradas no alumnado, co obxectivo de aumentar a motivación e a participación deste.

Impulsadas pola firme crenza no poder transformador da colaboración internacional e do crecemento profesional continuo, as profesoras procuran trasladar a súa experiencia Erasmus+ a cambios significativos a nivel local.

Están especialmente centradas en iniciativas que fomenten o sentido de comunidade, a conciencia intercultural e a autonomía do alumnado na aula.

Introdución

Os cursos estruturados de Erasmus+ para docentes, "LIFELONG LEARNING" e "TEACHERS REFRESHERS COURSE", ofreceron unha oportunidade valiosa e única para explorar metodoloxías e prácticas educativas innovadoras nos eidos do benestar, a educación dixital e os enfoques holísticos da educación de persoas adultas.



CONTIDO DO CURSO



Día 1

Introdución ao curso.

Procura de puntos en común entre as persoas participantes.

Visión xeral da aprendizaxe ao longo da vida e introdución a conceptos como mentalidade de crecemento (growth mindset), zona de desenvolvemento próximo (ZPD) e indefensión aprendida (learned helplessness).

Día 2

Intelixencia Artificial Xenerativa: debate sobre vantaxes e inconvenientes, así como as súas aplicacións na aula.

Historia e cultura irlandesas: unha nova ollada que cuestionou ideas preconcebidas e crenzas previas.

Día 3

“Safari por Cork”: Actividade grupal con traballo de campo e presentación na aula. Buscamos exemplos de creatividade, sustentabilidade, conectividade, lingua e cultura, interconexión e estilos de vida saudables.

Día 4

O feedback como arte: aprendemos a fórmula de catro pasos para dar retroalimentación e puxémola en práctica coas presentacións das persoas compañeiras.

Mindfulness: practicamos a técnica do diario reflexionando sobre o que nos produce ledicia ou tristura, rematando cunha meditación guiada.

Día 5

Cidadanía global: reflexionamos sobre o significado do concepto comparando as diferentes lentes coas que vemos o mundo.

“Zines”: despois dunha introdución ao que é un zine, elaboramos o noso propio cos materiais proporcionados e presentámolo na clase.


Actividades opcionales

Tivemos a oportunidade de participar en diversas actividades, como unha visita guiada pola cidade, a visita a un proxecto educativo emblemático, o aprendizaxe de danzas irlandesas e a degustación de bebidas típicas.

RESULTADOS E IMPACTO

Na nosa institución

Os coñecementos adquiridos durante esta formación resultarán beneficiosos para introducir melloras tanto nas nosas estratexias docentes como na maneira en que entendemos e promovemos a ensinanza de linguas para persoas adultas nun contexto como o noso, caracterizado pola diversidade, o estilo de vida e a identidade comunitaria.



- Aprendizaxe ao longo da vida: No noso entorno escolar, onde conviven estudantes con realidades e traxectorias diversas, procuramos fomentar a colaboración e a interconexión.
- Fomento da mentalidade de crecemento: Independentemente das circunstancias persoais, afastarse dunha mentalidade fixa permitiranos atopar puntos comúns significativos na maneira de afrontar a vida.
- Benestar emocional do alumnado: Inspiradas nas técnicas de mindfulness practicadas durante o curso, pretendemos reforzar un entorno de aprendizaxe que priorice o benestar emocional. Incluir exercicios de respiración ou pequenas actividades de relaxación nas aulas pode resultar útil non só no contexto educativo, senón tamén na vida diaria.

Impacto a longo prazo: a implementación dos enfoques pedagóxicos e principios aprendidos durante esta experiencia Erasmus+ terá un impacto transformador nos nosos centros, tanto na nosa práctica docente como no papel social das escolas dentro da comunidade local. Algúns dos beneficios esperados son:

- Actitude positiva cara á aprendizaxe continua: Na nosa institución é fundamental fomentar a idea de que o aprendizaxe non ten límites. Reforzar esta mentalidade axudará o alumnado a ver o aprendizaxe de linguas como unha ferramenta continua para o desenvolvemento persoal, cultural e social, aumentando así a súa motivación para seguir formándose máis alá da aula.
- Alfabetización dixital como ferramenta útil: A través dun uso sensato da intelixencia artificial xenerativa, o alumnado non só se sentirá capaz, senón tamén integrado na sociedade dixital actual. Isto contribuirá a aumentar a súa autonomía, reducir barreiras e facilitar o acceso a recursos tanto educativos como prácticos.
- Aprendizaxe significativo con impacto duradeiro: Grazas a un enfoque máis holístico que integra aspectos emocionais, sensoriais e cognitivos, o alumnado poderá conectar a lingua coas súas propias experiencias e necesidades reais, o que se traducirá nun aprendizaxe máis profundo e perdurable.

CONCLUSIONES

A participación no curso Erasmus+ en Cork proporcionounos novas perspectivas sobre o noso labor docente. Pero non só iso. Unha aprendizaxe valiosa foi darnos conta de que, ao dedicarmos tempo a conversar con outras persoas, descubrimos que hai máis cousas que nos unen do que nos separan. Adoitamos asumir que, porque as posicións das outras persoas son opostas ás nosas, tamén o son os seus intereses ou preocupacións. Porén, unha análise máis profunda revela que existen moitos máis intereses compartidos que enfrontados. Procurar puntos en común non significa renunciar á nosa visión, senón aprender a valorar outras perspectivas.



Este enfoque renovado pode seguir guiando a nosa evolución como centro educativo, co obxectivo de ofrecer unha educación de calidade baseada en perspectivas plurais e aberta ao aprendizaxe mutuo.

